



Santiago, 29 de outubro de 2018

Benqueridas familias, informámosvos que na última semana do mes de novembro celebraranse as **Eleccións para a renovación parcial do CONSELLO ESCOLAR**, polo que o día 31 de outubro iniciaremos o procedemento seguindo as orientacións da Consellería de Educación (DOG 8 outubro de 2018).

Como sabedes o Consello Escolar é o máximo órgano de participación de toda a comunidade educativa, nel apróbanse aspectos importantes da vida escolar, polo que **é moi necesario** que estean representados todos os estamentos: pais, alumnos, profesorado, persoal de administración e servizos e a entidade titular.

Este curso temos que elixir a 1 representante de pais/nais, 2 de profesores/as e 2 representante de alumnos/as (1 de ESO e 1 Bacharelato).

O **día 31 de outubro, mércores**, realizaremos os **sorteos públicos para elixir aos membros da Xunta electoral**, que será quen concrete o calendario electoral.

09:40 h nais/pais

11:00 h alumnas/os

11:30 h profesorado

12:45 h persoal de administración e servizos

A Xunta electoral constituirase o mércores, 7 de novembro, ás 18:00 h

Un saúdo,

A Dirección

---